

NA CASA DE PAPEL



UNHA E MIL VECES GRAZAS - Proxecto educativo de cooperación Na Casa De ...

PROXECTO EDUCATIVO DE COOPERACIÓN APRENDIZAXE E SERVIZO



Rúa do instituto, s/n
27880 Burela
www.iesperdouro.gal



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**

Bibliotecas
escolares
de Galicia



1. Sinopse do proxecto, ligazón do vídeo e vinculación cos Objetivos de Desarrollo Sostenible

a) Sinopse:

O alumnado de 4º ESO do IES Perdouro de Burela, en situación de confinamento durante a pandemia da Covid-19, tomou conciencia das necesidades dos habitantes da súa localidade.

Os rapaces organizáronse en bandas, seguindo o exemplo da serie *La casa de papel*, para conseguir alimentos, produtos de hixiene e puericultura, material escolar e máscaras de protección co fin de colaborar co Banco de Alimentos, cos Servizos Sociais do Concello, coa Cruz Vermella... Intercambiaban as tarefas escolares por puntos que logo podían trocar por todo o anterior.

Escribiron tamén cartas de ánimo para os maiores e elaboraron un vídeo de apoio para os colectivos que traballaron coa finalidade de facilitarnos a vida durante o confinamento.

Reciprocamente, aprenderon a xestionar as relacións entre compañeiros, a investigar sobre as necesidades dos demais, a empregar un orzamento limitado da mellor maneira posible, a redactar diferentes textos e a elaborar produtos gráficos e audiovisuais.

b) Vinculación cos ODS:

Este proxecto vincúlase cos seguintes ODS:

Obxectivo 1: fame cero

Obxectivo 2: saúde e benestar

Obxectivo 3: educación de calidade

Obxectivo 4: redución das desigualdades

Obxectivo 5: alianzas para lograr os obxectivos

c) Ligazón do vídeo:

<https://youtu.be/Z8FjkrNSyK4>

2. Problema social ou necesidade da contorna á que atende o proxecto

Burela é unha localidade de aproximadamente 10.000 habitantes na que conviven 42 nacionalidades debido á importancia, fundamentalmente, do seu porto pesqueiro. Existe unha importante comunidade caboverdiana desde hai máis de 40 anos, á que segue en importancia a colectividade latinoamericana, outras de distintos lugares de África e mesmo de Indonesia.

A crise social provocada polo coronavirus empeorou a situación económica de determinados colectivos sociais e constatouse o déficit de alimentos, produtos de hixiene e de puericultura, de material escolar, de máscaras de protección, etc e sobre estas carencias incidiu o proxecto no que traballou o alumnado.

3. Necesidades educativas do alumnado que desenvolve o proxecto

- Conflitos de convivencia entre as dúas clases do mesmo curso, polo que se opta por crear grupos mesturando alumnado de ambas aulas.
- Falta de responsabilidade individual en traballos ou tarefas grupais. Por iso mesmo, todas as tarefas de cada un/unha dos/das participantes se terán en conta para a puntuación xeral do equipo.
- Falta de organización nas tarefas grupais. Non se elixe capitán ou capitá dos grupos, senón que todos e todas deberán interactuar do mesmo xeito e interesarse polo traballo da banda.
- Falta de conciencia xeral das necesidades da poboación local e da importancia da colaboración social e da solidariedade en momentos de crise como os actuais.
- Falta de motivación á hora de realizar as tarefas escolares durante o confinamento. Bastante dura, novidosa e impensable era a situación para o alumnado, polo que se optou por un sistema de puntos intercambiabes por axuda solidaria para tratar de facela o máis levadeira posible sen olvidarnos dos obxectivos curriculares relacionados.

4. Dimensión do servizo e descrición das tarefas que contén

O servizo consistiu en conseguir o que a sociedade de Burela necesitaba en pleno confinamento debido á pandemia da Covid-19. Para isto, o alumnado tivo que contactar con distintas organizacións e institucións e investigar sobre as carencias en distintos ámbitos.

Detectou que o **Banco de Alimentos** pasou de abastecer a 390 familias a ter que atender a 765 en toda a comarca da Mariña lucense, polo que houbo que poñerse en contacto con varios supermercados e coa **Asociación de Armadores de Burela** para que doara peixe. Os rapaces pensaron slogans para unha campaña de doazón de alimentos e baixo o lema: “Pouco a pouco un pouquiño convértese en moito”, os clientes dos supermercados de Burela colaboraron na recollida de alimentos e a Asociación de Armadores entregou 250 kg de peixe que se repartiu entre 109 familias.

Os **Servizos Sociais do Concello de Burela** precisaban produtos de hixiene e puericultura para bebés de máis de 20 familias e conseguíronse na campaña realizada nos supermercados e nalgúns droguerías.

A **Cruz Vermella** necesitaba **material escolar** porque cada curso sobre 25 nenos e rapaces son acollidos nun programa desta organización para proporcionarlles apoio nas tarefas escolares e dotalos de material. Foi necesario contactar con varias librerías para conseguir os lotes necesarios.

Ao mesmo tempo, Cruz Vermella de Burela presta atención a 58 persoas maiores dun **programa de teleasistencia** que viven soas ás que cada día lles leva a comida e, nestas circunstancias, tamén información sobre as novidades en normativa sobre a pandemia de coronavirus. Ao non poder saír á rúa, as responsables da organización informaron os rapaces da sensación de soidade dos anciáns e os rapaces escribíronlles cartas para animalos e informalos do que debían facer nas franxas horarias nas que podían saír.

Coordinouse tamén unha campaña de recollida de roupa para **Cáritas e outras organizacións da diocese Mondoñedo-Ferrol**.

Elaborouse un **vídeo de apoio** que se publicou en distintas redes sociais, páxinas web e blogs dirixido a todos os profesionais que continuaron co seu labor durante o confinamento para facer máis doada a vida aos demais.

5. Obxectivos educativos, competencias e vinculación curricular


1. Coñecer as necesidades sociais do concello de Burela.
2. Sensibilizarse e comprometerse ante as desigualdades.
3. Aprender a organizar e desenvolver un proxecto solidario no concello.
4. Consegir un fin motivador en medio da pandemia para axudar aos demais e continuar ao mesmo tempo aprendendo coas tarefas escolares.



6. Actividades de aprendizaxe e de reflexión

1. Investigación e detección das necesidades sociais do concello de Burela.
2. Proposta de cada un dos equipos sobre como se podería axudar.
3. Exposición dos puntos fortes de cada un dos membros do equipo.
4. Elaboración dun cartel cos membros e as características da cada banda.
5. Elaboración de slogans e cartelería para a campaña de recollida de alimentos e produtos de hixiene e puericultura.
6. Comunicación coas distintas entidades sociais coas que se colaborou, oralmente e por escrito.
7. Comunicación co centro para solicitar axuda co fin de cubrir as necesidades detectadas.
8. Investigación sobre a importancia dunha boa alimentación, práctica regular de deporte e hábitos saudables.
9. Deseño e construción dun robot cun taboleiro de xogo para aprender diferentes contidos en actividades escolares.

10. Maquetación de cartelería e da revista escolar para mostrar o proxecto á comunidade educativa.
11. Publicación do proxecto en redes sociais, blogs e páxinas de internet.
12. Elaboración dun vídeo de agradecemento e apoio aos profesionais que continuaron traballando para facilitar a vida aos demais.
13. Inserción da música no proxecto: elección de música para o vídeo, para a actividade física, para animar a familia...
14. Reflexión sobre o rap no contexto do confinamento: creación dunha peza rapeada.
15. Reflexión sobre distintas figuras da música que morreron prematuramente: de que forma hábitos, condicionamento e presión social poden determinar un final trágico. Importancia da xestión do estrés e as emocións.
16. Redacción de cartas de apoio aos maiores que viven sós.
17. Redacción dun diario que axudase a xestionar as emocións individuais e de grupo.
18. Investigación en lingua francesa: os dereitos humanos, a resistencia en tempos de guerra, as revoltas estudiantís e obreiras, a reivindicación da liberdade, En definitiva: o dereito fundamental de **igualdade** e a importancia da **solidariedade** e de estar unidos nas loitas para o ben común: a unión fai a forza.



TAREFA 1

1. Fixate ben de que banda formas parte.
2. Ponte en contacto cos teus compañeiros e compañeiras de banda.
3. Realizade unha presentación en Canva na que especifiquedes, como mínimo:
 - Nome da banda: deberá ser un topónimo lucense.
 - Particularidades positivas que aportades cada integrante á banda.
 - Reto Persoal: modo do cal vos gustaría axudar nesta pandemia dentro da vosa vila.

Se queredes formar parte desta aventura un integrante da banda deberá entregar esta tarefa no Google Classroom "NA CASA DE PAPEL" antes do domingo ás 23:59.

Seguíde esperando novas noticias...

7. Participación, protagonismo e organización do alumnado

O proxecto “Na casa de Papel” empezou a fraguarse durante as dúas primeiras semanas de confinamento durante as que o alumnado expresou as súas ganas de poder facer algo dende as súas casas para axudar, sobre todo ás persoas da súa localidade, nesta situación tan excepcional e preocupante.

Desta forma nace o proxecto “Na casa de papel” sumándonos a esta iniciativa seis profesores/as do curso 4º ESO.

O primeiro paso, inspirándose na serie *La casa de papel*, foi a formación das distintas bandas (10 bandas formadas por 5-6 alumnos/as) as cales foron formadas polo profesorado, para así conseguir que foran o máis heteroxéneas posibles.

O **primeiro reto** foi poñerlle nome as bandas, un topónimo galego, e expresar qué lles gustaría facer ou conseguir como banda para axudar na súa localidade, e a partir de aquí arranca o noso proxecto.

O alumnado foise organizando en catro fases:

- **Tempada 1:** Formación de banda: mencionada anteriormente (reto 1)
- **Tempada 2:** Emerxencia sanitaria: onde o alumnado intentaba conseguir tapabocas para toda a súa banda e para o resto do alumnado do instituto. Lanzamento do vídeo “Damos as grazas”
- **Tempada 3:** Emerxencia social: recollida de alimentos, roupa, material escolar, material para bebés e o envío de cartas a anciáns.
- **Tempada 4:** Execución do plan: entrega de todo o material obtido polo alumnado ás distintas institucións e organizacións.

Cada semana lanzábanse por parte do profesorado novos retos, os cales estaban asociados a unha puntuación (cada reto 100 puntos por alumno/a podendo acadar semanalmente un total de 500 – 600 puntos por banda).

Así, os profesores/as todas as semanas empezaban un novo reto para realizar de forma individual ou en grupo, e deste xeito conseguir o maior número de puntos posibles para cambialos polos distintos premios, como packs de tapabocas, de alimentos, roupa, material escolar...

A decisión dos distintos produtos que tiñan que conseguir foi a consecuencia de que o alumnado se puxo en contacto coas distintas organizacións da localidade para saber que era o que podían facer para axudar, surxindo así a necesidade da recolecta de alimentos, roupa, lotes de material escolar ou a redacción das cartas para dar ánimo aos maiores que se encontraban sós durante este confinamento.

O esforzo do alumnado en todos estes retos e actividades foi o máximo conseguindo un número moi elevado de puntos en todos os retos.

Este alumnado, ademais de traballar de forma colaborativa dentro da súa banda, tamén o fixeron entre bandas, transferíndose puntos entre elas e así poder conseguir o maior número posible de doazóns, por exemplo.

Na última fase “Execución do Plan”, xa unha vez levantado o Estado de Alarma, xuntáronse por bandas para entregar ás distintas organizacións todo o material recollido e obtido por eles mesmos e vendo así feito realidade o obxectivo de axudar aos seus veciños grazas a todo o esforzo realizado durante o confinamento.

8. Traballo en rede requirido polo proxecto

Neste proxecto colaboraron as seguintes entidades:

1. **IES Perdouro de Burela:** O alumnado de 4º ESO, seis profesores do centro e o equipo directivo coordináronse para aportar a contía económica necesaria e para xestionar as relacións co resto das entidades e informarse das necesidades existentes. Unha vez reunido todo o solicitado polas entidades que desenvolven un labor social, o alumnado e profesorado organizou tamén a entrega.
2. **Supermercados Dia, Eroski e Gadis:** Estes establecementos de Burela colaboraron na recollida de alimentos e produtos de puericultura e de hixiene. Permitiron ao alumnado levar a cabo a campaña de recollida e almacenaron o recollido ata o momento da entrega.
3. **Banco de Alimentos da Mariña:** Esta organización informou do aumento de familias con necesidades nesta situación. Pasouse de máis de 300 a case 700 a finais de xuño na comarca da Mariña lucense.

4. **Cruz Vermella de Burela:** Esta entidade informou da existencia de **58 anciáns** que reciben a comida cada día por parte desta organización e que se integran no servizo de teleasistencia, xa **que viven sós**. A soidade é aínda maior nunha situación de confinamento por non poder saír practicamente á rúa. A chegada dunha carta de ánimo foi moi ben recibida polos maiores. O alumnado de 4º ESO enviou misivas para paliar a soidade destas persoas.
5. Cruz Vermella de Burela tamén informou da necesidade de **material escolar** para máis de 20 nenos e rapaces que reciben apoio por parte desta organización e preveu que, de cara ao curso 20-21, cando chegue setembro, como faltan os alimentos ou os produtos de hixiene, tamén faltarán o material escolar: mochilas, libretas, lapis, bolígrafos, estoxos...
6. **Servizos Sociais do Concello de Burela:** As responsables de Servizos Sociais da localidade informaron da falta de produtos de puericultura e hixiene para nenos menores de 3 anos. Tratábase de conseguir lotes destes produtos para 20 familias.
7. **Cáritas e algunha persoa a nivel particular** manifestou a necesidade de roupa na diocese Mondoñedo-Ferrol. Recolleuse roupa e entregouse en Mondoñedo, desde onde a reparten a outros lugares da diocese.
8. A **Asociación de Armadores de Burela SA (ABSA)** doou 250 kg de peixe que se repartiu entre 109 familias a través do Banco de Alimentos da Mariña, á parte de todos os produtos recollidos nos supermercados.



9. Celebración e difusión

Demos a coñecer o noso proxecto *Na Casa de papel* entre o profesorado do centro a través do correo electrónico para invitar á participación e informar dos obxectivos do proxecto. Tamén tivemos unha videoconferencia informativa para compartir ideas os 52 alumnos de 4º de ESO e os 6 profesores participantes nestas actividades.

Nas redes sociais do centro (Facebook, Instagram e Twitter), publicamos a entrega das cartas de ánimo destinadas aos maiores usuarios de Cruz Vermella e a chegada dos tapabocas.

Co proxecto andando, difundimos a nosa campaña de recollida de alimentos e produtos de hixiene e aseo persoal nos supermercados de Burela a través das redes sociais.

Á parte disto, o proxecto deuse a coñecer na páxina web do IES Perdouro ([colaboración con Cruz Vermella](#), [vídeo para dar as grazas...](#)), no blog do Equipo de Dinamización da Lingua galega <http://perdourando.blogspot.com/2020/06/na-casa-de-papel-na-prensa.html> e foi recollido en varias páxinas da revista escolar anual do centro, [Maruxía](#).

Celebramos a execución do proxecto no final de curso, cando a mobilidade estaba permitida. O xoves 18 de xuño no patio do instituto, coa prensa cubrindo o acto, fixemos entrega dos tapabocas ao alumnado (premio acadado na fase emerxencia sanitaria) e fixemos entrega ás entidades colaboradoras dos produtos conseguidos:

- alimentos e produtos de hixiene e aseo persoal para o Banco de Alimentos da Mariña grazas á campaña de recollida activa durante 15 días en tres supermercados de Burela.
- 250 kg de chicharro para o Banco de Alimentos de Burela grazas á colaboración de ABSA Burela que doou o peixe.
- produtos de hixiene para bebés para os servizos sociais e inmigración do Concello de Burela.
- material escolar destinado aos usuarios de Cruz Vermella Burela.
- roupa de segunda man para Cáritas e algunha persoa que a necesitaba e á que se lle entregou individualmente.
- Este acto foi recollido na prensa do sábado 20 de xuño. (*La Voz de Galicia* e *El Progreso*).

10. Calendario e descrición das fases do proxecto

TEMPADA 1 - FORMACIÓN

2 semanas: martes 14 abril - venres 17 abril / luns 20 abril - venres 24 abril

Breve descrición: nesta primeira fase realízase a formación de bandas (deben estar integradas por alumnado das 2 clases, ser mixtas, ter un alumno ou alumna de Francés, ter unha proporción igual ou similar en canto a alumnado de Música por un lado e de TIC/Tecnoloxía polo outro). Ademais, cada unha das bandas debe escoller un nome que debe ser un topónimo lucense, realizar unha pequena descrición dos puntos fortes de cada un dos integrantes da banda e, ademais, expoñer os obxectivos persoais que lles gustaría cumprir en relación co proxecto (axuda ás familias e colectivos máis prexudicados pola pandemia). Cada banda elaborou un cartel cos seus obxectivos para axudar na súa localidade e cos puntos fortes de cada un dos membros da banda.

Na segunda semana comezouse coas tarefas propias das diferentes materias, nas que o alumnado iría sumando puntuación de forma individual para conseguir a máxima posible para a súa banda.

TEMPADA 2 - EMERXENCIA SANITARIA

3 semanas: luns 27 abril - xoves 30 abril / luns 4 maio - venres 8 maio / luns 11 maio - venres 15 maio

Breve descrición: continúaase coas tarefas semanais de cada materia (específicas ou de forma interdisciplinar), nas que nos centramos máis en dar visibilidade ao problema sanitario que se está a vivir (falta de material, hospitais colapsados...) e, ademais, o alumnado deberá intercambiar parte da puntuación que está a conseguir por máscaras de protección para eles, sendo condición indispensable para poder pasar á seguinte tempada ou fase.

TEMPADA 3 - EMERXENCIA SOCIAL

4 semanas: luns 18 maio - venres 22 maio / luns 25 maio - venres 29 maio / luns 1 xuño - venres 5 xuño / luns 8 xuño - venres 12 xuño

Breve descrición: mesma dinámica coas tarefas semanais de cada materia (específicas ou de forma interdisciplinar), e neste caso centrámonos en visibilizar o problema surxido concretamente en Burela co confinamento, axudando na medida do posible aos colectivos máis necesitados. A puntuación que van conseguindo as bandas nesta tempada irase intercambiando por diferentes produtos e doazóns como a produción dun vídeo de agradecemento; doazón de material escolar a través da Cruz Vermella; doazón de alimentos a través do Banco de Alimentos coa colaboración dos supermercados Día, Eroski e Gadis; doazón de produtos para bebé a través dos Servizos Sociais do Concello de Burela e doazón de roupa a través de diferentes ONGs e asociacións.

TEMPADA 4 - EXECUCIÓN DO PLAN

1 semana: luns 15 xuño - venres 19 xuño

Breve descrición: esta semana non tivemos xa actividades concretas de cada materia, senón que fixemos efectivas as diferentes doazóns conseguidas por cada unha das bandas do proxecto. Así, reunimos as bandas e as asociacións involucradas no proxecto un mesmo día (coas medidas de hixiene e distanciamento oportunas, ademais de realizalo con certa marxe horaria entre unha e outra entrega para non xuntar demasiada xente no instituto) para poder facer partícipe ao alumnado da entrega de todas as doazóns conseguidas coas diferentes tarefas que foron realizando durante o proxecto.



11. Recursos necesarios para impulsar o proxecto

Primeiramente, tivemos que falar co secretario do centro para axustar un orzamento destinado a mercar os tapabocas para os alumnos e outros gastos (material escolar, produtos hixiene bebés). Enseguida, desbloqueou unha partida especial.

Repartimos entre os 6 profesores unha lista de contactos de organismos sociais (Servizos sociais, Cruz Vermella, Banco de Alimentos, Cáritas) que logo enviamos aos grupos formados polo alumnado para propoñer a nosa axuda coas nosas limitacións e así concretar as súas necesidades e as nosas maneiras de axudar. Contactamos por vía telefónica. Tamén nos comunicamos con Absa (Armandores de Burela) para conseguir peixe para o Banco de Alimentos.

Contactamos presencialmente tamén cos supermercados que nos facilitaron a posta en marcha da campaña de recollida e redactamos as peticións aos responsables.

Fixemos varias videoconferencias entre o profesorado para coordinar o traballo.

Empregamos unha plataforma de ensino en remoto para comunicar co alumnado en todo momento e para indicarlles semanalmente as tarefas e desafíos. Nesta mesma ferramenta, publicamos semanalmente as puntuacións dos equipos así como os trocos de puntos por produtos reais.



12. Avaliación do proxecto

As conclusións finais do proxecto "Na casa de papel" podemos dividilas en dúas vertentes: a primeira, a pedagóxica, e unha segunda, a social.

En canto á avaliación pedagóxica, realizouse xunto coa avaliación final de cada alumno. A porcentaxe de aprobados foi moi elevada nas seis materias, incluso o 100% en varias delas, polo que podemos concluír que se conseguiron os obxectivos pedagóxicos, xa que a pesar do cambio na metodoloxía e do traballo telemático, o alumnado estaba presente semanalmente nas videoconferencia a través de Webex e enviaba puntualmente as súas tarefas.

O proxecto serviu claramente como catalizador das ganas de axudar dos rapaces e como elemento motivador para seguir traballando igualmente desde as súas casas. Ademais, serviu para que non perderan o contacto entre os compañeiros ao ter que realizar tarefas en grupo e para que puideran verse e comunicarse entre eles, aínda que fose a través das pantallas.

Na vertente social, podemos dicir que o nivel de satisfacción foi máximo, xa que todos/as alumnos/as quedaron moi contentos por todo o traballo realizado e viron que, se se quere, todo o mundo pode axudar.

O nivel de participación foi moi moi elevado por non dicir total entre o alumnado, conseguindo con este proxecto telos motivados todas as semanas para realizar as actividades e evitando así o absentismo neste período de traballo telemático.

Por outra banda a participación e valoración das entidades participantes foi excelente, xa que están moi agradecidos e ilusionados polo labor realizado por estes rapaces. Ademais de encantarlles a iniciativa, traballaron de forma recíproca con nós, como a Cruz Vermella mandando vídeos dos anciáns lendo as cartas que se lles mandaron ou enviándonos agradecementos e instándonos a seguir levando a cabo iniciativas coma estas. Para darnos as grazas, mesmo as responsables dos Servizos Sociais do Concello de Burela regaláronlle un tapabocas elaborado por costureiras solidarias da localidade a cada un dos participantes no proxecto.

Os puntos fortes deste proxecto podemos dicir que son o traballo desinteresado do alumnado, a empatía cos demais, a unión que se conseguiu entre compañeiros que previamente tiveran algún problema de convivencia e a aprendizaxe de que, incluso sen saír da casa, se poden facer cousas polos demais, xa que os movementos sociais redundan no ben común.

En canto a aspectos que debemos mellorar ou que nos gustaría ampliar, serían involucrar a máis profesores con máis materias e poder conseguir mais financiación e doazóns porque, desgraciadamente, a pandemia aínda continúa e as necesidades na localidade tamén.

A pesar de ser un proxecto que se desenvolveu en poucas semanas, cabe concluír que o resultado foi excelente e, en moitos casos, sobrepasou as nosas expectativas iniciais.

